


CRISE DO ANTIGO RÉXIME: TERMOS A DEFINIR

Antigo Réxime 	Definición Conxunto de características económicas (agraria), demográficas (altas taxas de natalidade e mortalidade), sociais (sociedade estamental), políticas (monarquía absoluta) e culturais de Europa e as súas colonias entre os séculos XVI-XVIII. Termo utilizado por primeira vez polos revolucionarios franceses en 1790, para designar despectivamente as estruturas políticas e sociais da Francia absolutista que acababan de derrumbar.
Constitución 	Definición Norma suprema que organiza o Estado, que regula dereitos e liberdades fundamentais dos cidadáns, os poderes (Executivo, Lexislativo e Xudicial) e as institucións. Aprobada por un Parlamento/Cortes elixidas. Entre as primeiras constitucións da Idade Contemporánea, a de EEUU de 1787, a 1ª Constitución francesa de 1791 e a 1ª Constitución española, a de Cádiz de 1812.
Crise de subsistencia 	Definición Desequilibrio económico periódico que sacudía á poboación no AR a causa da irregularidade das colleitas que tiña como consecuencia a escasez e a subida dos prezos de alimentos e produtos básicos, o aumento da fame, da mortalidade, e conflictividade social.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Pontevedra	IES Sánchez Cantón Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra ies.sanchez.canton@edu.xunta.es Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050	  FONDO SOCIAL EUROPEO
Estamentos 	Definición Cada un dos grupos sociais da sociedade do Antigo réxime ao que se pertencía por nacemento, con semellantes e definidas condicións legais, xurídicas, económicas, estilo de vida, etc. Había tres estamentos: dous privilexiados, nobreza e clero (menos do 10%), e o non privilexiado, o terceiro Estado (90% da poboación, burguesía, artesáns, campesinado, etc.). Sociedade pechada que entrou en crise a finais do século XVIII (sobre todo grazas á burguesía).	
Ilustración 	Definición Movemento político, e sobre todo cultural propio da Europa do século XVIII “Século das Luces” como defensores do racionalismo e dos avances científicos. En política, defendía a abolición do absolutismo, a soberanía popular e a liberdade individual; no social, a igualdade entre os homes, e no económico, a liberdade económica, xunto co pago de impostos por todos os cidadáns. Destacaron o inglés, John Locke (1632-1704) e os franceses, Voltaire, Rousseau e Montesquieu.	
Liberalismo 	Definición Movemento económico, político, que defende como idea esencial o desenvolvemento da liberdade individual (pensamento, conciencia, asociación), a igualdade ante a lei, a soberanía nacional (o poder no pobo e non no rei), a división de poderes e o establecemento dun réxime político regulado por unha lei fundamental ou constitución.	

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Pontevedra	IES Sánchez Cantón Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra ies.sanchez.canton@edu.xunta.es Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050	  FONDO SOCIAL EUROPEO
Mercantilismo 	Definición Modelo económico característico da Idade Moderna (séculos XVII e XVIII), que defendía que a riqueza dun Estado baseábase na acumulación de capitais en forma de metais preciosos e no proteccionismo económico (unha balanza comercial positiva).	
Monarquía Absoluta 	Definición Sistema político e forma de goberno do Antigo Réxime (séculos XVII e XVIII) no que o poder dos monarcas xustificábase partindo da idea de que a orixe do seu poder era divina, e o rei só era responsable ante a xustiza de deus. De ahí que reunise na súa persoa os tres poderes políticos (lexislativo, executivo e xudicial), e era na súa persoa na que se simbolizaba o Estado. Ex. de monarcas absolutos, Luís XIV de Francia, Filipe V en España.	
Soberanía 	Definición Exercicio do poder político que durante o AR recaía exclusivamente na persoa do monarca, a soberanía absoluta. Nas democracias actuais, no pobo que a exerce a través dos poderes públicos por vontade propia, a soberanía popular/nacional.	

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA Pontevedra	IES Sánchez Cantón Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra ies.sanchez.canton@edu.xunta.es Tlf 886 159 039 - Fax 886 159 050	  FONDO SOCIAL EUROPEO
Poder Político 	Definición Facultade de actuar recoñecida polas leis, caso do goberno dun país ou do Parlamento/Cortes. Nas democracias, o poder político está dividido. O lexislativo, representado nas Cortes ou Parlamento, que elabora as leis de obrigado cumprimento para todos os habitantes dun Estado; o executivo, que aplica as leis e goberna; e o xudicial, que asegura o cumprimento da lei.	
República 	Definición Forma de organizar un Estado cuxa máxima autoridade (xefe de Estado/ presidente da república), é elixido por un tempo determinado polo Parlamento ou polo pobo mediante elección. Todo Estado con esa forma de goberno.	
Restauración 	Definición Período comprendido entre a definitiva caída de Napoleón (1815) e o inicio da onda revolucionaria de 1830. En Europa esta etapa caracterizouse polo intento de recomposición do armazón do Antigo Réxime (absolutismo monárquico, etc.), algo que os seus partidarios conseguiron só parcialmente. Ex. España con Fernando VII (1814-1833).	
Soberanía 	Definición Exercicio do poder político que nas democracias está nas mans do pobo que a exerce a través dos poderes públicos por vontade propia.	



Sufraxio



Definición

Dereito a participar (activo) nunhas eleccións ou a ser elixido (pasivo) como cargo público. Pode ser censatario (restrinxido) propio do liberalismo moderado, cando se limita a un sector da poboación, excluindo ao resto, por diversos motivos: sexo, riqueza, etc. Universal, cando o sistema electoral non exclúe o dereito de voto a ningunha categoría de cidadáns seguindo as condicións de idade e nacionalidade fixadas pola constitución e na lexislación electoral.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Pontevedra

IES Sánchez Cantón
Avda. Raíña Victoria, CP 36001 - Pontevedra
ies.sanchez.canton@edu.xunta.es
Tif 886 159 039 - Fax 886 159 050



**FONDO
SOCIAL
EUROPEO**